

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACCIÓNS DIRIXIDAS A POBOACIÓN XITANA DURANTE O EXERCICIO 2025 NO MARCO DO PLAN DE DESENVOLVEMENTO XITANO DO MINISTERIO DE DERECHOS SOCIALES, CONSUMO Y AGENDA 2030.

Lugar e data da sinatura dixital,

REUNIDOS

Dunha parte:

Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, así como no Decreto 139/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Isidro Juan Rodríguez Hernández, en nome e representación da Fundación Secretariado Gitano, entidade con NIF G83117374 en uso das facultades atribuídas o 28 de novembro de 2022 en virtude da escritura de poder elevada a público ante a notaria Dona Isabel Rufas de Benito co número 2.053 do seu protocolo.

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto

EXPOÑEN

I. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que á súa vez, o artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, define como obxectivo do



sistema galego de servizos sociais facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social.

IV. Que os poderes públicos galegos teñen encomendada a obriga de promover as condicións para que a igualdade e a liberdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, social e cultural.

V. Que o artigo 57.4 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, establece que as administracións autonómica e local poderán conceder subvencións, así como subscribir, de acordo co artigo 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, convenios de colaboración con entidades de iniciativa social que dispoñan da capacidade e dos medios adecuados para a realización das actividades de inserción social de colectivos con problemáticas específicas e persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.

VI. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de benestar e inclusión social e consecuentemente a atención das minorías étnicas, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

VII. Que o colectivo xitano sofre de xeito especial a exclusión residencial que se manifesta de diferentes maneiras, desde a máis extrema e grave, que é estar en situación de rúa ou sen vivenda, ata outras algo menos graves pero que poden derivar na anterior, como é o feito de residir nunha vivenda insegura ou inadecuada.

VIII. De xeito concreto, en Galicia estímase que un total de 3.024 persoas residen nunha vivenda inadecuada, das cales 2.191 persoas o fan en infravivenda e outras 833 persoas en chabolas. Por provincias, a máis afectada é a de Pontevedra, que rexistraría o 52% dos casos, seguida da Coruña (21,4%) e Ourense (20,44%), e en menor medida, a provincia de Lugo, que acumula un 6% das persoas nesta situación. Se nos referimos concretamente a chabolismo este está máis presente nas provincias de Pontevedra e Ourense: oito de cada dez chabolas que hai en Galicia están localizadas nestas dúas provincias (un 46% e un 33%, respectivamente).

Nos últimos oito anos, e en boa medida grazas as actuacións promovidas polas diferentes administracións públicas, especialmente a local, nunha parte dos barrios onde se localizan infravivendas ou chabolas, reduciuse preto dun 17%, pero quedan aínda moitas persoas nesta situación, a meirande parte delas son de etnia xitana.

Precisamente o Estudo "Mapa de Vivenda e Poboación Xitana, 2015" publicado no ano 2016 polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, sinalaba que, a pesar dos avances rexistrados na situación residencial da poboación xitana en Galicia, aínda é preciso melloralas, sobre todo no relativo á calidade da vivenda, á redución da segregación e ás condicións da súa contorna. Os indicadores sobre a situación da poboación xitana en España revelan desigualdades ou desvantaxes respecto da poboación xeral. Pero no caso da poboación xitana en Galicia estas desigualdades revélanse tamén en comparación co



conxunto da poboación xitana en España. Así, no ano 2015 en Galicia, o 29,54% do total de vivendas con poboación xitana eran infravivenda, e o 14% chabolas. Os datos a nivel estatal eran do 8,3% e do 2,17%, respectivamente. Ademais, un 8,6% dos barrios onde se ubicaban as vivendas con poboación xitana en Galicia eran asentamentos segregados (2,9% no conxunto de España).

Aínda que non existen datos máis recentes sobre esta materia en concreto, distintos axentes sociais poñen de manifesto a vixencia da problemática descrita no estudo do 2015. Así, na Estrategia Nacional para la Igualdad, Inclusión y Participación del Pueblo Gitano 2021-2030, aprobada en novembro do 2021, establécese como un dos obxectivos erradicar o chabolismo e a infravivenda, afirmando neste documento que "a crise xerada pola pandemia da COVID-19 provocou retrocesos e un agravamento da situación da poboación xitana en materia de vivenda, especialmente respecto das persoas que aínda viven en infravivendas ou asentamentos". Así mesmo, a Valedora do Pobo amosou a súa preocupación polo fenómeno do chabolismo en Galicia no seu informe anual do 2021, e insiste na necesidade de avanzar na súa erradicación en diferentes escritos remitidos á administración autonómica nos anos 2022 e 2023.

Polo tanto, para unha parte importante da poboación xitana dispor dunha vivenda digna é un obxectivo aínda lonxe de acadar. A Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia 2024-2030, comprende obxectivos en materia de inclusión residencial da poboación xitana aliñados cos obxectivos da Estratexia Nacional para a Igualdade, Inclusión e Participación do Pobo Xitano 2021-2030.

Identifícanse, polo tanto, áreas de mellora nas que deben introducir correccións desde as Administracións públicas en colaboración coas entidades de iniciativa social, caracterizadas por exercer unha intervención directa e áxil coas persoas máis vulnerables.

IX. Que a Fundación Secretariado Gitano é unha entidade sen ánimo de lucro de natureza fundacional, recoñecida e inscrita no Rexistro de Fundacións de competencia estatal por resolución do 28.12.2001 co número de rexistro 630 e recoñecida e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co núm. E-1729.

X. A Fundación Secretariado Gitano ten entre as súas funcións a promoción integral da poboación xitana dende o recoñecemento da súa identidade cultural e con esta finalidade desenvolve accións tendentes a facilitar o acceso das persoas xitanas aos servizos e recursos sociais en igualdade de condicións que o resto da cidadanía.

XI. En Galicia a Fundación Secretariado Gitano dispón dunha importante solvencia técnica avalada por unha traxectoria de décadas no traballo coa poboación xitana galega. Goza de implantación de ámbito autonómico, e conta con sedes nas sete cidades galegas de maior tamaño e unha estrutura de persoal e recursos acorde a iso, sendo a única entidade de ámbito autonómico que desenvolve actuacións especificamente dirixidas á poboación xitana. Por outra banda, cabe destacar que, ademais de desenvolver programas de intervención directa con persoas a Fundación Secretariado Xitano ten realizado investigacións e estudos de interese sobre a situación da poboación xitana. Conta, polo tanto, cun coñecemento rigoroso e actualizado da realidade desta comunidade. Non existe outra entidade nesta comunidade autónoma que traballe co colectivo xitano prestándolle a atención profesional que esixe nun ámbito territorial tan extenso. Todo iso xustifica o interese social deste convenio e a imposibilidade de promover a concorrència pública para



alcanzar seus obxectivos.

XII. O Pleno do Consejo Territorial de Servicios Sociales y del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia, reunido en sesión extraordinaria o 16/05/2025, aprobou o Acordo polo que se fixan os criterios de distribución territorial e as contías resultantes entre as comunidades autónomas (excepto País Vasco e Comunidade Foral de Navarra) e as cidades de Ceuta e Melilla, do orzamento destinado ao financiamento en 2025 do Plan de Desarrollo Gitano, no que á Comunidade Autónoma de Galicia lle conceden 50.000,00 euros. Este plan ten como finalidade atender as necesidades das persoas xitanas máis desfavorecidas e promover o desenvolvemento da poboación xitana. Desenvólvese a través dun proxecto de intervención social integral para atención, prevención da marxinación e inserción do Pobo Xitano que deben ser promovidos, entre outros, polas comunidades autónomas. Entre os criterios de selección dos proxectos establécense a coordinación e participación das asociacións e organizacións de carácter privado sen animo de lucro implicadas neles.

O obxectivo principal do proxecto é a intervención social integral para a atención, prevención da marxinación e inserción do Pobo Xitano, en concreto, en materia de vivenda, coa fin de dar resposta integral ás diversas necesidades que presenten neste ámbito.

XIII. Tendo en conta por unha banda, a especificidade do proxecto polas características do colectivo ao que vai dirixido así como, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles; e por outra, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade, conforme ao previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas pertencentes a unha minoría étnica, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, quedando xustificada a imposibilidade de promover a concorrencia pública, de conformidade artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para a concesión directa dunha subvención destinada a desenvolver o proxecto de intervención social da Fundación Secretariado Gitano para mellorar a situación de exclusión residencial e o acceso á vivenda da poboación xitana no exercicio 2025, no marco do Plan de Desenvolvemento Xitano do Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2020, con atención ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Este convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención pública por parte da Consellería de Política Social e Igualdade a favor da Fundación Secretariado Gitano para o



desenvolvemento dun proxecto de intervención social no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia dirixido á poboación xitana para mellorar a súa situación de exclusión residencial e o seu acceso á vivenda, co fin de dar unha resposta integral ás necesidades que presentan neste ámbito. O proxecto desenvólvese no marco do Plan de Desenvolvemento Gitano que cofinancia o Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030.

Para a execución do obxecto da concesión da subvención a través deste convenio a Fundación Secretariado Gitano, desenvolverá as seguintes actuacións:

a) Información e Orientación:

- 1º. Información e orientación básica á poboación xitana en materia de vivenda.
- 2º. Asesoramento e apoio na presentación e tramitación das súas solicitudes de axudas convocadas polas diferentes administracións públicas para o acceso á compra, alugueiro ou rehabilitación das vivendas.
- 3º. Información sobre procesos de realoxamento.
- 4º. Información e asesoramento sobre os contratos de compra e de alugueiro de vivenda e o seu réxime xurídico, así como sobre todo o relacionado co financiamento da compra: tramitación, asesoramento personalizado e estudo das ofertas e condicións dos préstamos hipotecarios, obrigas das entidades de crédito e marxes de negociación coas mesmas.
- 5º. Información e asesoramento sobre cuestións construtivas e técnicas das vivendas (planos, memorias de calidades, deseño e aproveitamento, criterios de elección da vivenda etc.)

b) Apoio, acompañamento e seguimento na tramitación ou xestión relacionada coa vivenda protexida e outras axudas que poidan mellorar o acceso das familias ás vivendas.

c) Accións de orientación e acompañamento para o acceso e correcto uso da contorna e a súa dotación de servizos:

- 1º. Escolarización de menores nos centros educativos da zona.
- 2º. Centro de saúde.
- 3º. Servizos deportivos e culturais.
- 4º. Outros servizos sociais.
- 5º. Outros servizos de formación e sociolaborais.

d) Accións de orientación para o uso da vivenda e os deberes comunitarios:

- 1º. Uso de equipamento doméstico.
- 2º. Participación na comunidade de veciños: coidado de espazos comúns, observancia da normativa establecida, cumprimento das obrigas adquiridas, participación nas xuntas de comunidade.
- 3º. Promoción do cumprimento das obrigas contraídas pola compra da vivenda, previndo ou paliando situacións de sobreendeudamento.

e) Accións para o fomento da convivencia e a interacción veciñal:



- 1º. Servizo de mediación en conflitos comunitarios.
- 2º. Promoción da participación na vida comunitaria: asociacións, actividades culturais e deportivas.
- 3º. Promoción de medidas de reforzo para o coidado e mantemento da contorna, do mobiliario urbano, recollida de lixos, limpeza de espazos comúns, reposición de elementos deteriorados.

O proxecto desenvolverase nas catro provincias de Galicia con especial incidencia nas sete grandes cidades e con intervención nos concellos pequenos onde reside poboación xitana.

SEGUNDA. Orzamento

Para a realización das actividades obxecto do presente convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a contía de oitenta e tres mil trescentos trinta e catro euros (83.334,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 08.03.313C.481.6 da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, dos cales cincuenta mil euros (50.000,00€), son aportados polo Ministerio de Asuntos Sociales, Consumo y Agenda 2030, e a contía restante, trinta e tres mil trescentos trinta e catro euros (33.334,00 €), con fondos propios da Consellería de Política Social e Igualdade, cubrindo estes importes a totalidade do custe total do proxecto, que inclúe os seguintes gastos:

GASTOS DE PERSOAL						
PERSOAL PROPIO						
IV Convenio colectivo da Fundación Secretariado Gitano, inscrito no rexistro e publicado por Resolución do 28/07/2022 da Dirección General de Trabajo (BOE núm. 192, do 11/08/2022)						
Clasificación profesional	Número de persoas traballadoras	Salario anual con pagas extras (€)	Seguridade Social anual (€)	TOTAL anual (€)	% aplicable ao convenio	TOTAL anual (€)
T.Intermedio B	1	23.669,69 €	7.590,87 €	31.260,56 €	44,73 €	13.983,19 €
T.Intermedio C	5	114.202,45 €	36.624,75 €	150.827,20 €	38,96 €	58.758,48 €
	TOTAL	137.872,14 €	44.215,62 €	182.087,76 €	39,95 €	72.741,67 €
TOTAL GASTOS PERSOAL PROPIO						72.741,67 €
PERSOAL SUBCONTRATADO						
Tipos de postos e número de traballadores/as en cada un						
TOTAL GASTOS PERSOAL SUBCONTRATADO						0,00 €
TOTAL GASTOS DE PERSOAL						72.741,67 €



GASTOS CORRENTES	
Aluguer de locais e outros gastos	
Subministros	628,80 €
Mensaxería	
Material de oficina	
Prensa	
OUTROS GASTOS	
Auditoría	1.666,68 €
Actividades:	
Gastos de desprazamentos	630,04 €
Gastos formación participantes	1.000,00 €
Xestión e administración	6.666,81 €
TOTAL OUTROS GASTOS CORRENTES	10.592,33 €
TOTAL XERAL	83.334,00 €

Estes límites poderán sufrir lixeiras variacións, que só serán admitidas pola Consellería de Política Social e Igualdade cando estime que estas non comprometen a finalidade do proxecto e non impiden ou dificultan a boa marcha do servizo, cubrindo os gastos esenciais.

A achega económica limitase á compensación de gastos e en ningún caso pode supor beneficio económico para a entidade conveniente.

TERCEIRA. Gastos subvencionables

Son gastos subvencionables a efectos da conta xustificativa os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade, relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira. Para estes efectos consideraranse gastos subvencionables, conforme ao previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os seguintes:

a) Gastos do persoal, que comprenderá:

1º. Gastos de persoal de carácter directo necesarios para a execución das actuacións: Terá a dita consideración o persoal que execute directamente funcións relacionadas co proxecto subvencionado e que polo tanto desenvolvan funcións inequivocamente identificables con ela. A identificación do proxecto, no caso de traballadores por conta allea, deberá constar no contrato de traballo ou nunha previa asignación de funcións, no caso de que a xornada de traballo estea integramente destinada á execución dos proxectos ou nunha previa asignación de funcións directas, no caso de dedicación parcial da xornada de traballo. Na fase de xustificación, deixará constancia documental das horas efectivamente consumidas polas persoas traballadoras imputables ao proxecto, detallando as súas dedicacións horarias ao proxecto en documento asinado pola persoa



responsable da entidade e a persoa empregada e acompañada dos correspondentes partes de traballo. Así mesmo, poderá comprender:

1º.1. En relación a persoas traballadoras contratadas pola entidade, serán subvencionables as retribucións totais correspondentes á execución do proxecto, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, vacacións retribuídas e a parte proporcional da paga extraordinaria que lle corresponda.

1º.2. En relación a persoas traballadoras por conta propia contratadas pola entidade, consideraranse gastos subcontractados e lles será de aplicación o límite máximo para estes gastos establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, 13 de xuño.

2º. Gastos de persoal de carácter indirecto: Terán a dita consideración aqueles que non teñan vinculación directa co desenvolvemento do proxecto, pero que resulten necesarios para a súa realización.

3º. As axudas de custo e gastos de viaxe tamén se rexerán na súa contía pola normativa establecida nos convenios colectivos.

b) Gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización das accións obxecto da subvención: comprenderán gastos do alugueiro debidamente xustificadas, gastos de mantemento do equipamento destinado ao proxecto, gastos de material e outros necesarios para execución das actividades. Estes gastos terán carácter directo sempre que estean vinculados exclusivamente ao proxecto e sexan necesarios para a súa execución. No caso de que a vinculación dos mesmos non teña natureza exclusiva serán considerados gastos de carácter indirecto e serán aplicables ao proxecto a través dun método de imputación xusto e equitativo que constará por escrito con anterioridade á realización dos gastos e que deberá ser validado previamente polo órgano xestor.

c) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistras, os gastos periciais para a realización das accións do proxecto subvencionable, os de administración específicos e os gastos de auditoría, só serán subvencionables se están directamente relacionados coas accións subvencionadas ou son indispensables para a axeitada preparación ou execución destas. Así mesmo, no caso de que se opte por unha contabilización separada da operación a través da apertura ou mantemento separado nunha conta bancaria específica poderán ser subvencionables os gastos de apertura, no seu caso, e os de mantemento da mesma.

d) Os gastos das persoas participantes no proxecto incluírán: bolsas de desprazamento. Estas bolsas non poderán ser percibidas por persoas titulares dunha renda de inclusión social de Galicia que inclúa ese complemento. A súa contía máxima é de 9 euros día/lectivo sempre que non superen no seu conxunto o 20 por 100 % do importe total do proxecto subvencionado.

e) Así mesmo, consideraranse subvencionables os gastos derivados dos seguros de accidentes, así como aqueles outros destinados a cubrir continxencias de risco derivadas da actividade subvencionada.



CUARTA. Subcontración

A Fundación Secretariado Gitano é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución parcial de actividades ata unha porcentaxe do 20% do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio para a súa debida execución.

A fundación no seu caso, comunicará a subcontratación á Dirección Xeral de Inclusión Social. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTA. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que desenvolvan as actividades do proxecto obxecto de subvención, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento das actuacións subvencionadas a través deste convenio.

SEXTA. Obrigas da Fundación Secretariado Gitano

1. Para poder ser beneficiaria da axuda, a Fundación Secretariado Gitano deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, entre os que se atopan:

a) Non ter sido condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Non ter sido declarada insolvente en ningún procedemento; non ter solicitado a declaración de concurso, nin ter sido declarada en concurso agás que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio; non estar suxeita a intervención xudicial ou ser inhabilitada conforme ao Real decreto legislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Non dar lugar, por causa da que fora declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.

d) Non estar incurso a entidade beneficiaria, os seus administradores ou aqueles que ostenten a súa representación legal en ningún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.



h) Non ter sido sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións mediante a presente lei ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A entidade debe cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e que son, entre outras, as seguintes:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar as actuacións ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. No ámbito da comunidade autónoma, debe facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención da Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

c) Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado a través deste convenio, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderá ser comprobado pola Consellería de Política Social e Igualdade agás oposición expresa da persoa solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Adoptar as medidas de difusión contidas no número 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que establece a obriga de dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do proxecto obxecto de subvención.

As medidas de difusión deberán adecuarse ao proxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

g) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.

3. A entidade beneficiaria debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

SÉTIMA. Xustificación

1. Respecto á forma de xustificación e pagamento estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño



e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación.

A xustificación da realización das actuacións obxecto do convenio realizarase a través da presentación de conta xustificativa que incorpore unha memoria de actuación e unha memoria económica abreviada na que se reflicta unha relación de gastos, con indicación da persoa acreedora, importe e data de pago e, si é o caso, outros ingresos que financien a actividade, con achega dun informe de auditoría, de acordo co regulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. O informe de auditoría que achegue a entidade axustarase ao disposto na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvención, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e polo disposto neste convenio. A verificación que figure no informe de auditoría terá, en todo caso, o seguinte alcance:

- a) O cumprimento por parte da Fundación das obrigas establecidas neste convenio e no resto da normativa que lle é de aplicación na xestión e aplicación da subvención
- b) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte da entidade
- c) A realidade e a regularidade da operación financiada
- d) O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.

3. O informe da persoa auditora permitirá obter evidencia suficiente para poder emitir unha opinión sobre a execución dos gastos do proxecto. En todo caso, o dito informe conterá a seguinte comprobación:

- a) Que a conta xustificativa foi subscrita polo representante legal da entidade ou persoa con capacidade, debendo anexar ao informe unha copia dela selada pola persoa auditora.
- b) Que existe concordancia entre a memoria de actuación e os documentos utilizados para realizar a revisión da xustificación económica.
- c) Que o importe xustificado corresponde ao concedido, e que se atopa correctamente desagregado e identificado na conta xustificativa, con indicación das imputacións aplicadas.
- d) A revisión abarcará a totalidade dos gastos incorridos na realización das actividades subvencionadas. No caso doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, deberá indicar o seu importe e a súa procedencia.

e) Que o gasto declarado é real e elixible e que está debidamente acreditado e xustificado



conforme a normativa vixente. Para iso no informe deberá confirmarse:

1º. Que os gastos realizados e imputados ao proxecto gardan unha relación directa con el, e son conformes coas normativas autonómica, nacional e comunitaria en materia de elixibilidade de gastos e subvencións.

2º. Que as facturas orixinais ou documentos contables de valor probatorio equivalente que figuran na relación de gastos contan cos datos requiridos pola lexislación vixente, e que os devanditos gastos foron realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, salvo aqueles que pola súa propia natureza deban liquidarse en datas posteriores.

3º Que a entidade utiliza un sistema de contabilidade separada ou codificación contable que permite a inequívoca identificación dos gastos realizados.

4º Que a entidade dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do provedor, naqueles casos en que non recaese na proposta económica máis vantaxosa.

5º Pronunciamento sobre a elixibilidade do IVE imputado ao proxecto e que non é susceptible de recuperación ou compensación.

6º Que existe acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, fotocopias, captura de pantallas) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

4. As actuacións subvencionadas comprenderán os gastos realizados durante a vixenciado convenio, tendo que presentar a documentación xustificativa antes do 20 de decembro de 2025, data que se considera como límite da xustificación aos efectos do artigo 37.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O pagamento efectuarase previa presentación da conta xustificativa de gasto que permita acreditar o cumprimento do proxecto obxecto de subvención, cuxo contido se detalla na cláusula sétima.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do



procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento de conformidade coa normativa reguladora das subvencións de Galicia.

NOVENA. Compatibilidade

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

DÉCIMA. Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Fundación Secretariado Gitano, designadas por cada unha das persoas representantes das partes así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de inclusión social.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de inclusión social, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia."

DÉCIMO PRIMEIRA. Causas de resolución e reintegro

Serán causas de resolución do presente convenio:

a) Incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.



b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

c) O transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.

d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo se fose o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade, poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos de reintegro das subvencións estarase ao disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO SEGUNDA. Modificación

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais cando sumadas o importe do convenio superen o custo total da actividade, poderá dar lugar á modificación do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. Vixencia e efectos

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das actuacións subvencionables a través do presente convenio que realizase a Fundación Secretariado Gitano dende o 1 de xaneiro de 2025 ao 20 de decembro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO CUARTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerá polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.



As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes.

Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso potestativo de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso.

Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. Transparencia e publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos Nacional de subvencións.

DÉCIMO SEXTA. Información básica sobre protección de datos persoais.

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do



Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia–Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Igualdade

Fabiola García Martínez

O representante da Fundación
Secretariado Gitano

Isidro Juan Rodríguez Hernández

